- A determinación excluínte 3.1.5.d, que indica que os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico "priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior", e que "asemade, evítanse os crecementos ó longo das vías de comunicación".

ANTECEDENTES DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

O instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal vixente no concello de Silleda é o Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado por orde da Consellería de Ordenación do Territorio do 4 de xuño de 1981, cuxa normativa urbanística foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 15 de xullo de 1981.



e a ausencia de tramos noutros. Estes erros inducen fallos nos planos de ordenación, solo urbano, solo de núcleo rural e solo rústico de protección de infraestruturas (en concreto PO-505, PO-211 e PO-205)

A estrada PO-505, non se grafa no tramo dende O Formigueiro ata o Límite Municipal de Silleda

A estrada PO-205 non se identifica en toda a súa lonxitude, xa que parte do enlace coa estrada N-525

O trazado da estrada PO-211 non é correcto

O plano da rede viaria indica as vías urbanas e rurais de titularidade municipal que non teñan a consideración de estradas.

Débese corrixir o plano da rede viaria para indicar correctamente a codificación e denominación correcta das estradas existentes, diferenciando as clases de estradas e as redes ás que pertencen

No plano de información IV7.Comunicacións non se codifican as estradas autonómicas.

ANÁLISE DA REDE VIARIA PROPOSTA

Na documentación que acompaña ó instrumento de planeamento proposto realízase unha análise da rede viaria proposta, que se considera adecuado e suficientemente xustificado.

Examinada a documentación obsérvase que non se establecen as áreas de protección e criterios de ordenación aos tramos antigos das estradas autonómicas.

Polo tanto, deberase aplicar aos tramos antigos, os criterios que esta Axencia establece para estradas autonómicas secundarias, en tanto non sexan transferidas ao Concello.

SOLO URBANO

Planos de ordenación

Compróbase que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo urbano, son correctos os seguintes aspectos:

Represéntase graficamente a aliñación de viario.

Acoutase axeitadamente a aliñación de viario.

Indícase na lenda a aliñación de viario.

Compróbase, por outra parte, que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo urbano, son incorrectos e débense corrixir os seguintes aspectos:



Débese representar graficamente a aliñación edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.

Débese acoutar axetadamente a aliñación edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.

Débese indicar na lenda a aliñación de edificación.

Ordenanzas urbanísticas

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo urbano, indícanse correctamente:

Os recuados de edificación, por referencia á súa representación gráfica.

No que se refire ás **ordenanzas urbanísticas**, compróbase, por outra parte, que nalgunha delas, no que se refire ó **solo urbano**, non se indican correctamente e **débense corrixir os seguintes aspectos:**

Débense establecer as condicións de posición dos peches.

Débese indicar a prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

Para corrixir as deficiencias anteriores, débense adaptar ós criterios de ordenación establecidos pola Axencia Galega de Infraestructuras, para cada un deses aspectos, en solo urbano, que se xuntan como anexo a este informe.

Extensión do solo urbano

A extensión dos ámbitos de solo urbano lindeiros coas estrada autonómicas considérase axeitado, tendo en conta os antecedentes do planeamento municipal actualmente vixentes, a normativa urbanística e a protección do dominio público viario.

Os terreos que clasifican como solo urbano, sen contar con esa clasificación nos instrumentos de planeamento urbanísticos vixentes, non necesitan acceder a través das estradas autonómicas, dado que contan con posibilidade de acceso alternativo a aquelas.

O entronque das novas rúas propostas é coherente co indicado na normativa en materia de accesos.

Aliñacións de viario

Compróbase que, nas marxes das estradas autonómicas que discorran por solos urbanos, non se establece unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior ós valores mínimos que se indican na táboa seguinte:



Distancia mínima entre aliñacións de viario	Solo urbano	
	Consolidado	Non consolidado
Autoestradas, autovías e vías para automóviles	50 m (25 m ó eixo da calzada)	
Resto da estradas da rede primaria básica	24 m (12 m ó eixo da calzada)	
Estradas da rede primaria complementaria	20 m (10 m ó eixo da calzada)	
Estradas da rede secundaria	16 m (8 m ó eixo da calzada)	

As distancias entre aliñacións de viario, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo urbano, respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestructuras considera compatibles coa necesaria protección do dominio público, máis nalgúns casos **non é correcta a súa acotación** xa que:

Se ben as distancias entre aliñacións en Silleda son as recollidas nas normas vixentes, estas non se atopan referenciadas ao seu eixe, polo que se deberán modificar.

Por outra parte ao longo da rúa Progreso, non se admitiran reducións xa que estas non se derivan da necesidade de protexer ningunha edificación e dada a ordenanza, o resto de vivendas deberán seguir a aliñación do edificio de cinco alturas que atopa ao seu inicio.

Por outra parte, as distancias entre aliñacións de viario abranguen toda a zona de dominio público viario, incluso nos casos nos que esta resulta maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de viario en solo urbano consolidado:

Considéranse axeitadamente xustificadas as reducións extraordinarias realizadas para manter as aliñacións de viario establecidas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico vixente.

Considéranse axeitadamente xustificadas as reducións extraordinarias das aliñacións de viario realizadas para manter as fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.

Considéranse axeitadamente xustificadas as reducións extraordinarias das aliñacións de viario realizadas para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

Aliñacións de edificación

Débese establecer correctamente as distancias entre aliñacións de edificación, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo urbano, **ben acoutándoas directamente, ou ben acoutando o recuado que deben respectar as fronteas de edificación con respecto á aliñación de viario**, no seguinte caso:

Na ordenanza O-4, Residencial unifamiliar.



Distancia mínima entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada	Solo urbano	
	Consolidado	Non consolidado
Autoestradas, autovías e vías para automóviles	25 m	
Resto da estradas da rede primaria básica	12 m	
Estradas da rede primaria complementaria	10 m	
Estradas da rede secundaria	8 m	

Por outra parte, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona de dominio público viario, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

É preciso aumentar algunhas das distancias entre a estrada e as aliñacións de edificación, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo urbano, dado que non respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.

Nos ámbitos da ordenanza O-4

Por outra parte, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona delimitada polas aliñacións de viario.

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de edificación en solo urbano consolidado:

Aceptaranse as reducións extraordinarias realizadas para manter as aliñacións de edificación establecidas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico vixente.

Aceptaranse as reducións extraordinarias das aliñacións de edificación realizadas para manter as fronte consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.

Aceptaranse as reducións extraordinarias das aliñacións de edificación realizadas para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

SOLO DE NÚCLEO RURAL

Planos de ordenación

Compróbase que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo de núcleo rural, son correctos os seguintes aspectos:

Representábase graficamente a aliñación de viario.

Acoutase axeitadamente a aliñación de viario.



Indícase na lenda a aliñación de viario.

Compróbase, por outra parte, que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo de núcleo rural, son incorrectos e débense corrixir os seguintes aspectos:

Débese representar graficamente a aliñación edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.

Débese acoutar axeitadamente a aliñación edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.

Débese indicar na lenda a aliñación de edificación.

Ordenanzas urbanísticas

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo de núcleo rural, indícanse correctamente:

Os recuados de edificación, por referencia á súa representación gráfica.

No que se refire ás ordenanzas urbanísticas, compróbase que, no que se refire ó solo de núcleo rural, non se indican correctamente e débense corrixir os seguintes aspectos:

Débese establecer as condicións de posición dos peches.

Débese regular as distintas tipoloxías de peches admisibles, segundo se sitúen en diferentes posicións con respecto á estrada.

Débese indicar a prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

Para corrixir as deficiencias anteriores, débense adaptar ós criterios de ordenación establecidos pola Axencia Galega de Infraestruturas, para cada un deses aspectos, en solo de núcleo rural, que se xuntan como anexo a este informe.

**Extensión do solo de núcleo rural**

Débase **corrixir ou xustificar** adecuadamente a **excesiva extensión dos ámbitos de solo de núcleo rural lindeiros coas estradas autonómicas**, segundo os criterios seguintes:

- En comparación coa situación segundo os antecedentes do planeamento municipal actualmente vixentes.
- Segundo a normativa urbanística vixente.
- Tendo en conta a súa negativa repercusión sobre a protección do dominio público viario.

Revisásense aqueles núcleos que prevén o seu crecemento ao longo das estradas de titularidade autonómica. Estas delimitacións ademais son contrarias ó indicado nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), que no seu punto 3.5.1 prohiben o crecemento ao longo das vías de comunicación. En concreto isto acontece nos seguintes:

PO-201: o extremo nordés, na marxe leste de Pazos e Freixeiro nas proximidades da glorieta.

PO-204: o extremo suroeste, en ambas marxes, e nordés, na marxe leste de A Moa.

PO-211: o extremo nordeste, en ambas marxes de Casas do Monte.

Débase **corrixir a clasificación como de núcleo rural daqueles terreos que**, sen contar con esa clasificación, ou a de solo urbano, nos instrumentos de planeamento urbanísticos vixentes, **só contén con posibilidade de acceso a través das estradas autonómicas.**

Aliñacións de viario

Distancia mínima entre aliñacións de viario	Solo de núcleo rural	
	Tradicional	Común
Autoestradas, autovías e vías para automóbiles	50 m (25 m ó eixo da calzada)	
Resto da estradas da rede primaria básica	24 m (12 m ó eixo da calzada)	
Estradas da rede primaria complementaria	20 m (10 m ó eixo da calzada)	
Estradas da rede secundaria	16 m (8 m ó eixo da calzada)	

É preciso **aumentar algunhas das distancias entre aliñacións de viario**, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo de núcleo rural, **dado que non respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestructuras considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.**

De maneira xenérica, para garantir a funcionalidade e seguridade viaria dos núcleos ao longo das estradas de titularidade autonómica, **nas zonas non consolidadas pola edificación**, non se admitirán aliñacións de viario e de edificación cun ancho total inferior ao indicado no anterior cadro.



Así mesmo, cabe destacar, que non se consideran axeitadamente xustificadas as reducións extraordinarias realizadas no núcleo de Freixeiro, que non derivan das excepcións que se especifican no seguinte apartado.

Por outra parte, **as aliñacións de viario deberán abranguer toda a zona de dominio público viario**, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral. Debido a isto, **débase aumentar as distancias establecidas con carácter xeral entre aliñacións de viario.**

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de viario en solo de núcleo rural tradicional:

Aceptaranse as reducións extraordinarias realizadas para manter as aliñacións de viario establecidas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico vixente.

Aceptaranse as reducións extraordinarias das aliñacións de viario realizadas para manter as fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.

Aceptaranse as reducións extraordinarias das aliñacións de viario realizadas para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de viario en solo de núcleo rural común:

Aceptaranse as reducións extraordinarias das aliñacións de viario realizadas para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

Aliñacións de edificación

Débase **establecer correctamente as distancias entre aliñacións de edificación**, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo de núcleo rural, **ben acoutándoas directamente, ou ben acoutando o recuado que deben respectar as fronteas de edificación con respecto á aliñación de viario.**

Distancia mínima entre a aliñacións de edificación e o eixo da calzada	Solo de núcleo rural	
	Tradicional	Común
Autoestradas, autovías e vías para automóbiles	30 m	50 m
Resto da estradas da rede primaria básica	15 m	18 m
Estradas da rede primaria complementaria	13 m	16 m
Estradas da rede secundaria	11 m	14 m



Por outra parte, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona de dominio público viario, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral. Debido a isto, débense aumentar as distancias establecidas con carácter xeral entre a estrada e as aliñacións de edificación.

Do mesmo modo os núcleos delimitados que se atopan clasificados como solo rústico no plan vixente, terán que recuar a aliñación de viario ata a liña límite de edificación definida na lei de estradas.

Por outra parte, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona delimitada polas aliñacións de viario. Debido a isto, débense aumentar as distancias establecidas con carácter xeral entre a estrada e as aliñacións de edificación.

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de edificación en solo de núcleo rural tradicional:

Aceptaranse reducións extraordinarias das aliñacións de edificacións, para manter as fronte consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.

Aceptaranse reducións extraordinarias das aliñacións de edificación, para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

No que se refire ás reducións extraordinarias das distancias establecidas con carácter xeral para as aliñacións de edificación en solo de núcleo rural común:

Aceptaranse reducións extraordinarias das aliñacións de edificación, para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así como outros elementos patrimoniais protexidos.

Por outra banda, e modo indicativo, deberíase mellorarse a definición gráfica dos planos dos núcleos rurais, posto que nos aportados non se aprecian claramente as liñas de aliñación e límite de núcleo, e ademais carecen da cartografía exterior ó límite do núcleo delimitado.

SOLO URBANIZABLE

Ordenanzas urbanísticas

No que se refire ás ordenanzas urbanísticas, compróbase que, no que se refire ó solo urbanizable, non se indican correctamente e débense corrixir os seguintes aspectos:

Débese establecer a prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.



Débese indicar a obriga de que a posición dos peches a as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordes co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Débese indicar a prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.

Para corrixir as deficiencias anteriores, débense adaptar ós criterios de ordenación establecidos pola Axencia Galega de Infraestructuras, para cada un deses aspectos, en solo urbanizable, que se xuntan como anexo a este informe.

Extensión do solo urbanizable

No entorno da Rede Autonómica de Estradas de Galicia que discorre polo concello preténdense establecer os seguintes ámbitos de solo urbanizable:

Ámbito	Uso	Superficie	Estrada
SUD-I3	Industrial	10.170 m ²	PO-201
Total		10.170 m²	

A extensión dos ámbitos de solo urbanizable previstos no instrumento de planeamento proposto permite respectar as zonas de protección da estrada e a liña límite de edificación que se prevén na lexislación autonómica de estradas.

Clasificación dos solos entre os ámbitos de solo urbanizable e as estradas

Os terreos comprendidos entre a estrada e a liña límite de edificación clasifícanse como solo rústico de especial protección de infraestructuras, manténdoos fóra da delimitación do ámbito de solo urbanizable.

Accesos ós ámbitos de solo urbanizable

A situación do ámbito de solo urbanizable propostos fai conveniente que a súa conexión co sistema xeral viario se realice a través das estradas autonómicas, como así se prevé no instrumento planeamento proposto.

A extensión dos ámbitos de solo urbanizable previstos no instrumento de planeamento proposto nos que o acceso se propón a través dunha estrada autonómica inclúe todos os terreos necesarios para a súa execución.



SOLO RÚSTICO

Ordenanzas urbanísticas

No que se refire ás **ordenanzas urbanísticas**, compróbase que, no que se refire ó **solo rústico**, non se indican correctamente e **débense corrixir os seguintes aspectos**:

Débese establecer a prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Débese indicar a obriga de que a posición dos peches a as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordes co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Débese indicar a prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.

Débese establecer a necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

Para corrixir as deficiencias anteriores, **débense adaptar ós criterios de ordenación establecidos pola Axencia Galega de Infraestructuras, para cada un deses aspectos, en solo rústico, que se xuntan como anexo a este informe.**

Clasificación do solo rústico no entorno das estradas autonómicas

Deberán clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras todos os terreos situados entre as estradas autonómicas e a liña límite de edificación, cando non contén con clasificación de urbano, núcleo rural ou urbanizable, o canto menos ata o dominio público, cando este sexa maior que as distancias definidas na Lei de Estradas de Galicia.

De maneira xenérica, fora do ámbito do solo urbano e dos núcleos rurais tradicionais, e independentemente da súa cualificación como sistema xeral, as estradas autonómicas deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras canto menos ata a liña límite da edificación definida na lexislación vixente de estradas, ou canto menos o dominio público cando este sexa maior que as distancias que contempla a Lei de Estradas de Galicia.

Tamén indicar que nos núcleos de O Espiño e Transfontao, a delimitación dos núcleos nas áreas lindeiras coas estradas de titularidade autonómica coincidirá coa liña límite de edificación.



NORMATIVA

Débese corrixir a clasificación das estradas autonómicas recollida na normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto, que non é correcta, xa que non incorpora a PO-505.

En todo caso, nos apartados anteriores xa se ten analizado o respecto, por parte da normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto, aos criterios de ordenación urbanística establecidos pola Axencia Galega de Infraestructuras, segundo a clasificación das estradas autonómicas.

Débense incorporar correctamente, á normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto, as determinacións, con carácter prevalente, da lexislación autonómica de estradas e da súa normativa de desenvolvemento, no que se refire á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo.

Para corrixir as deficiencias anteriores, **débense incorporar as condicións establecidas pola Axencia Galega de Infraestructuras, con respecto da rede de estradas autonómicas, que se xuntan como anexo a este informe.**

Débense incorporar correctamente, á normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto, as limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

Para corrixir a deficiencia anterior, **débese incorporar a condición establecida pola Axencia Galega de Infraestructuras, con respecto ao ruído provocado pola rede de estradas autonómicas, que se xunta como anexo a este informe.**

O resto de aspectos da normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto considéranse compatibles co mantemento da coherencia e funcionalidade da rede de estradas autonómica.

ESTUDO ECONÓMICO

O estudo económico do instrumento de planeamento municipal proposto non lle encomenda á administración autonómica o financiamento de ningunha actuación en materia de estradas.

ANÁLISE GLOBAL DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

Os novos tráfico xerados polas actuacións previstas considéranse compatibles coa capacidade da rede autonómica de estradas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



Considérase que os novos tráficos xerados polas actuacións previstas terán unha influencia limitada sobre as estradas autonómicas, no que as súas condicións de circulación e de seguridade viaria se refire.

Os novos enlaces e interseccións propostos considéranse compatibles coa capacidade da rede autonómica de estradas.

No planeamento municipal proposto, non se prevé a reforma dos enlaces ou interseccións existentes nas estrada autonómicas.

Segundo todo o analizado nos apartados anteriores, **considérase que a ordenación proposta na zona de influencia das estradas autonómicas é incompatible, en termos globais**, polos motivos xa indicados nos apartados correspondentes, **co establecido na lexislación autonómica en materia de estradas** e na súa normativa de desenvolvemento.

Por outra parte, segundo todo o analizado nos apartados anteriores, **considérase que a ordenación proposta na zona de influencia das estradas autonómicas é incoherente**, en termos particulares, polos motivos xa indicados nos apartados correspondentes, **coas Directrices de Ordenación do Territorio e co resto de instrumentos de ordenación do territorio** que lle sexan de aplicación.